

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICA E XUSTIZA

Resolución do 11 de febreiro de 2008, da Dirección Xeral de Xustiza, pola que se aproba o modelo de inscrición no Rexistro de Parellas de Feito de Galicia.

A disposición derradeira da Lei 10/2007, do 28 de xuño, de reforma da disposición adicional terceira da Lei 2/2006, do 14 de xuño, de dereito civil de Galicia, establece que, no prazo dun mes contado desde a publicación da lei no *Diario Oficial de Galicia*, a Xunta de Galicia aprobará un decreto mediante o cal se creará e regulará a organización e a xestión do Rexistro de Parellas de Feito de Galicia.

En cumprimento do dito mandato, publicouse o Decreto 248/2007, do 20 de decembro, polo que se

crea e se regula o Rexistro de Parellas de Feito de Galicia, o cal establece no seu artigo 21.1º que as inscricións no devandito rexistro se axustarán ao modelo que aproba a Dirección Xeral de Xustiza da consellería competente en materia de xustiza.

En virtude do anterior,

RESOLVO:

Primeiro.-Aprobación do modelo de inscrición.

Apróbase o modelo de inscrición no Rexistro de Parellas de Feito de Galicia que figura no anexo desta resolución.

Segundo.-Esta resolución será aplicable a partir da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 11 de febreiro de 2008.

Begoña Santos Fernández
Directora xeral de xustiza

ANEXO



REXISTRO DE PARELLAS DE FEITO
DE GALICIA

INSCRICIÓN

En virtude do disposto na resolución do/a encargado/a do Rexistro de Parellas de Feito de Galicia da provincia de do día / /, recaída no expediente núm. e notificada aos interesados con data do / /, logo da solicitude dos membros da parella de feito presentada ante o/a dito/a encargado/a con data do / / e despois do cumprimento dos requisitos establecidos pola Lei 2/2006, do 14 de xuño, de dereito civil de Galicia, e polo Decreto 248/2007, do 20 de decembro, polo que se crea e se regula o Rexistro de Parellas de Feito de Galicia, procede acordar a inscrición como parella de feito cos datos que deseguido se sinalan:

Nome e apelidos	
DNI/documento equivalente	Nacionalidade
Data de nacemento	Estado civil
Domicilio	
Fillos/as	
Nome e apelidos	
DNI/documento equivalente	Nacionalidade
Data de nacemento	Estado civil
Domicilio	
Fillos/as	
Domicilio da parella	
Fillos/as comúns	
Pacto regulador das relacións económicas e patrimoniais da parella: ☐ SI ☐ NON	
En caso afirmativo: -data do pacto regulador: / /	
-breve descrición do contido do pacto:	
.....	
.....	

Os datos ou mencións posteriores á inscrición (modificación, cancelación, outros) que deban figurar nesta folla, faranse constar no reverso desta por orde cronolóxica, e continuar, se for preciso, en follas complementarias.

..... de de

O/A encargado/a



DECLARACIÓN DE VONTADE DE CONSTITUCIÓN DE PARELLA DE FEITO

PROCEDEMENTO	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO	DOCUMENTO
REXISTRO DE PARELLAS DE FEITO DE GALICIA	PR212A	DECLARACIÓN

NOME E APELIDOS	DNI / DOCUMENTO EQUIVALENTE	
DOMICILIO	PROVINCIA	CONCELLO

NOME E APELIDOS	DNI / DOCUMENTO EQUIVALENTE	
DOMICILIO	PROVINCIA	CONCELLO

Os abaixo asinantes recoñecen

Que ambos son maiores de idade, capaces e conviven coa intención ou vocación de permanencia nunha relación de afectividade análoga á conxugal polo que expresan e conscientemente

DECLARAN

A súa vontade de constituír unha parella de feito e equiparar os seus efectos aos do matrimonio nos termos recollidos na Lei 2/2006, do 14 de xuño, de dereito civil de Galicia.

E para que así conste e para os efectos do cumprimento do requisito previsto na disposición adicional terceira da Lei 2/2006, do 14 de xuño, de dereito civil de Galicia, na redacción dada pola Lei 10/2007, do 28 de xuño, asinan esta declaración no seguinte lugar e data:

En
Sinatura

a 1 de Setembro de 2011

Sinatura



DECLARACIÓN XURADA SOBRE INEXISTENCIA DOUTRA PARELLA DE FEITO FORMALIZADA

PROCEDEMENTO	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO	DOCUMENTO
REXISTRO DE PARELLAS DE FEITO DE GALICIA	PR212A	DECLARACIÓN

NOME E APELIDOS	DNI / DOCUMENTO EQUIVALENTE	
DOMICILIO	PROVINCIA	CONCELLO

DECLARA

Que cumpre co requisito de non ter constituída outra parella de feito acollida a normativa municipal ou autonómica ningunha, segundo o esixido polo artigo 5.e) do Decreto 278/2007, do 20 de decembro, polo que se crea e regula o Rexistro de Parellas de Feito de Galicia.

E para que así conste para os efectos sinalados anteriormente, asina esta declaración xurada no seguinte lugar e data:

En

a 1 de Setembro de 2011

Sinatura



DECLARACIÓN XURADA DE NON PARENTESCO

PROCEDEMENTO	CODIGO DO PROCEDEMENTO	DOCUMENTO
REXISTRO DE PARELLAS DE FEITO DE GALICIA	PR212A	DECLARACIÓN

NOME E APELIDOS		DNI / DOCUMENTO EQUIVALENTE
DOMICILIO	PROVINCIA	CONCELLO

DECLARA

Que cumpre co requisito de non ter relación de parentesco en liña recta por consanguinidade ou adopción nin colateral por consanguinidade ou adopción ata o tercer grao respecto de don/dona
con DNI/documento equivalente e membro da parella de feito que se pretende constituír.

E para que así conste e para os efectos do cumprimento do requisito previsto no artigo 5.b) do Decreto 248/2007, do 20 de decembro, polo que se crea e regula o Rexistro de Parellas de Feito de Galicia, asina a presente declaración xurada no seguinte lugar e data:

En

a 1 de Setembro de 2011

Sinatura



DECLARACIÓN XURADA DE NON ESTAR INCAPACITADO XUDICIALMENTE

PROCEDEMENTO	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO	DOCUMENTO
REXISTRO DE PARELLAS DE FEITO DE GALICIA	PR212A	DECLARACIÓN

NOME E APELIDOS	DNI / DOCUMENTO EQUIVALENTE	
DOMICILIO	PROVINCIA	CONCELLO

DECLARA

Que cumpre co requisito de non estar incapacitado xudicialmente para os efectos de prestar o seu consentimento para constituír unha parella de feito.

E para que así conste e para os efectos do cumprimento do requisito previsto na disposición adicional terceira da Lei 2/2006, do 14 de xuño, de dereito civil de Galicia, na redacción dada pola Lei 10/2007, do 28 de xuño, asina esta declaración xurada no seguinte lugar e data:

En

a 1 de Setembro de 2011

Sinatura



SOLICITUDE DE CANCELACIÓN

PROCEDEMENTO REXISTRO DE PARELLAS DE FEITO DE GALICIA	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO PR212A	DOCUMENTO SOLICITUDE
---	---	--------------------------------

NOME E APELIDOS 		DNI / DOCUMENTO EQUIVALENTE
DOMICILIO 	PROVINCIA 	CONCELLO

(e)

NOME E APELIDOS 		DNI / DOCUMENTO EQUIVALENTE
DOMICILIO 	PROVINCIA 	CONCELLO

Comparece/n e di/n que se atopa/n inscrito/a/s como parella de feito en virtude de resolución do encargado/a do Rexistro de Parellas de Feito de Galicia da provincia de de data cos efectos previstos na disposición adicional terceira da Lei 2/2006, do 14 de xuño, de dereito civil de Galicia, e por medio deste documento

SOLICITA/N

A cancelación da mencionada inscrición no Rexistro de Parellas de Feito de Galicia, e que así se faga constar na correspondente folla, sinalándose como causa

--

e achegando a documentación esixida polo artigo 23.2. do Decreto 248/2007, do 20 de decembro, polo que se crea e regula o Rexistro de Parellas de Feito de Galicia.

En a 1 de Setembro de 2011

Sinatura/s



SOLICITUDE DE MODIFICACIÓN DE INSCRICIÓN

PROCEDEMENTO REXISTRO DE PARELLAS DE FEITO DE GALICIA	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO PR212A	DOCUMENTO SOLICITUDE
---	---	--------------------------------

NOME E APELIDOS 		DNI / DOCUMENTO EQUIVALENTE
DOMICILIO 	PROVINCIA 	CONCELLO

(c)

NOME E APELIDOS 		DNI / DOCUMENTO EQUIVALENTE
DOMICILIO 	PROVINCIA 	CONCELLO

Comparece/n e di/n que se atopa/n inscrito/a/s como parella de feito tal e como se recolle na disposición adicional terceira da Lei 2/2006, do 14 de xuño, de dereito civil de Galicia, e por medio deste documento

SOLICITA/N

A modificación da súa inscrición para facer constar:

- A achega de pacto regulador das condicións económicas da parella de feito contido no documento de data que se acompaña con esta solicitude.
- A modificación do pacto vixente polo contido no documento de data do que se acompaña a esta solicitude.
- Outras modificacións:

En a 1 de Setembro de 2011
Sinatura/s



SOLICITUDE DE CERTIFICACIÓN

PROCEDEMENTO REXISTRO DE PARELLAS DE FEITO DE GALICIA	CODIGO DO PROCEDEMENTO PR212A	DOCUMENTO SOLICITUDE
---	---	--------------------------------

NOME E APELIDOS		DNI / DOCUMENTO EQUIVALENTE
DOMICILIO	PROVINCIA	CONCELLO

(e)

NOME E APELIDOS		DNI / DOCUMENTO EQUIVALENTE
DOMICILIO	PROVINCIA	CONCELLO

Comparece/n e di/n que se atopa/n inscrito/a/s como parella de feito cos efectos previstos na disposición adicional terceira da Lei 2/2006, do 14 de xuño, de dereito civil de Galicia, e por medio deste documento

SOLICITA/N

Que se expida certificación do Rexistro de Parellas de Feito de Galicia na que consten os seguintes extremos:

E todo isto para os efectos de:

En

a 1 de Setembro de 2011

Sinatura/s